



MEMORIA DE CALIDADE

Facultade de Bioloxía

Curso Académico: 2016/2017

Índice

1. Introducción	2
2. Seguimento do do Sistema de Garantía de Calidade e dos seus resultados	5
Directriz 1. Política e obxectivos de calidade	5
Directriz 2. Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos.....	9
Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado	12
Directriz 4. Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos.....	19
Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos	22
Directriz 6. Información pública	25
3. Indicadores do Sistema de Garantía de Calidade	28
4. Plan de Melloras do centro	34
5. Modificacións nos diferentes títulos	50
6. Listaxe de evidencias e indicadores	51

1. Introducción

A Facultade de Bioloxía da Universidade de Santiago de Compostela é un centro universitario que desenvolve as súas funcións como servizo público mediante a actividade docente, de estudo e investigación para a creación, desenvolvemento e transmisión crítica da ciencia e da cultura, coa finalidade de preparar para o exercicio das actividades profesionais nos ámbitos da Bioloxía.

No ano 1964 aprobouse o primeiro plano de estudos en Bioloxía e, en 1966, comenza a impartirse na Universidade de Santiago de Compostela ao tempo que se crea a Sección de Ciencias Biolóxicas. Nos primeiros tempos a licenciatura impartíase na Facultade de Ciencias (edificio ocupado na actualidade pola Facultade de Química). Coa inauguración da Facultade de Farmacia en 1972, a Sección de Ciencias Biolóxicas, aínda pertencente á Facultade de Ciencias, trasládase a dita Facultade. Foi en 1977, cando ao amparo do Decreto 1975/1973, de 26 de xullo, se autoriza a reestruturación da Facultade de Ciencias, dividíndose na Facultade de Matemáticas, Facultade de Química e Facultade de Bioloxía (OM de 14 de outubro/BOE/11-XI-77). En dita orde ministerial faciase referencia ao mantemento da situación física (Facultade de Farmacia, no caso da Facultade de Bioloxía) mentres que non se tivera un novo edificio para cada unha das novas titulacións. En 1982 coa construción do edificio da actual Facultade de Bioloxía, esta trasladouse a actual localización. Chegados ao século XXI estimouse oportuna a ampliación da Facultade e a reforma integral do edificio inicial. Deste xeito, constrúese un novo edificio de investigación chamado CIBUS (Centro de Investigacións Biolóxicas da USC), vinculado parcialmente á Facultade de Bioloxía e localizado ao carón dela, no Campus Vida. En 2008, os membros de catro Áreas de Coñecemento (Bioloxía Celular, Xenética, Microbioloxía e Bioquímica e Bioloxía Molecular) trasládanse de forma definitiva a ditas instalacións. Nese momento comezaron as obras de reforma da Facultade de Bioloxía, que deron remate en 2013 e albergan na actualidade as áreas de coñecemento de Antropoloxía, Botánica, Ecoloxía, Edafoloxía e Química Agrícola, Fisioloxía, Fisioloxía Vexetal e Zooloxía. Nestes edificios, ademais das aulas, laboratorios e biblioteca, ofrécense espazos de encontro como os locais das Asociacións de Estudantes, salas polivalentes, salón de graos, salas de conferencias, salón de actos e cafetería. Dispón doutras importantes instalacións para a investigación e docencia como son os invernadoiros e o acuario. Deste xeito, constitúese unha contorna na que se promove a formación universitaria integral.

A Facultade de Bioloxía é consciente da importancia que ten a calidade no contexto universitario, para garantir programas formativos que dean resposta ás demandas de excelencia; polo que, tomando como referencia a política de calidade da USC, elabora a súa política marcando como obxectivo principal o desenvolvemento de programas formativos avalados por unha xestión de calidade como elemento clave e estratéxico para establecer un compromiso de máxima eficacia cos distintos grupos de interese.

Nos últimos anos o centro está a facer unha revisión profunda sobre o seu funcionamento. A reflexión dos distintos grupos de interese culmina coa elaboración, no curso 2016/2017, do “Plan Estratéxico da Facultade de Bioloxía 2016/2020” (PE). A análise das principais forzas, debilidades, oportunidades e ameazas levaron a establecer catro grandes liñas estratéxicas, algunhas das cales presentan na actualidade un alto grao de desenvolvemento. Así, para mellorar e facer a oferta docente máis atractiva, o PE propón a “*Solicitude de novas titulacións*”. O resultado é a elaboración, no curso 2016/2017 das memorias de dúas novas titulacións: o *Grao en Biotecnoloxía* e o *Máster en Biodiversidade Terrestre: caracterización, consevación e xestión*, que comenzarán a impartirse no curso 2018/2019.

 USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA FACULDADE DE BIOLOXÍA	MEMORIA DE CALIDADE	Versión: 01 Data: 03 de maio 2018
	FACULDADE DE BIOLOXÍA	Páxina 3 de 57

Por outra banda, o interese na mellora da Calidade levounos a participar no proceso de Certificación da Implantación do SGC da Facultade de Bioloxía. No informe provisional de certificación (data 28/07/2018) a comisión felicita ao Centro ***“porque entendemos que se aplica no solo el SGC documentado, sino su espíritu, como se ha podido constatar en la información contenida en la web y en la aplicación”*** e indica a ***“Implicación y compromiso del Equipo Directivo y de la Comisión de Garantía de Calidad(CGC) con el funcionamiento del Centro y con la calidad de la formación que ofrecen a los estudiantes”***.

Nesta Memoria de Calidade da Facultade de Bioloxía, correspondente ao curso académico 2016/2017, recóllese información relativa ao Sistema de Garantía Interna de Calidade (SGIC), ao seguimento e ao plan de melloras dos títulos impartidos no centro e coordinados pola Universidade de Santiago. Foi elaborada pola Comisión de Calidade de Facultade de Bioloxía con data 24/04/2018 e aprobada en Xunta de Facultade con data 3 de maio de 2018.

Estrutura da Facultade de Bioloxía para o desenvolvemento do SGC

Ámbito de aplicación: O ámbito de aplicación do SGIC atinxe a todas as titulacións impartidas no Centro e a todas as persoas da Facultade: alumnao de grao e máster, persoal docente e investigador e persoal de administración e servizos. Os títulos vinculados á Facultade de Bioloxía vixentes durante o curso 2016/17 foron:

- Grao en Bioloxía
- Dobre Grao en Química e Bioloxía
- Máster en Acuicultura (2º ed.)
- Máster en Neurociencia (2º ed.)
- Máster en Bioloxía Mariña

Os títulos de máster son interuniversitarios, participando neles as tres Universidades do Sistema Universitario de Galicia. Os Máster en Acuicultura e o Máster en Neurociencia están coordinados pola Universidade de Santiago e o Máster en Bioloxía Mariña pola Universidade de Vigo. O Dobre Grao en Química e Bioloxía está coordinado pola Facultade de Químicas da USC.

Documentación de referencia: Considérase documentación de referencia, ademais do manual do SGIC e do Manual de Procesos e Procedementos e da normativa xeral estatal, autonómica e da Universidade de Santiago de Compostela (USC), a que se inclúe a continuación:

- Memoria do Grao en Bioloxía da USC
- Memoria do Máster en Acuicultura (2ª ed.)
- Memoria do Máster en Neurociencia (2ª ed.)
- Memoria do Máster en Bioloxía Mariña
- Regulamento de Réxime Interno (RRI) da Facultade de Bioloxía
- RRI dos departamentos adscritos a Facultade de Bioloxía
- RRI do Máster Interuniversitario en Acuicultura
- RRI da Comisión Académica do Máster Universitario en Bioloxía Mariña

Comisión de Calidade da Facultade de Bioloxía: Os órganos de goberno, comisións e cargos que interveñen directamente no desenvolvemento do SGIC son o Equipo Decanal, a Comisión de Calidade (CC), as comisións de título, o/a responsable de calidade do centro e os/as coordinadores/as de título. As funcións de cada un dos órganos/cargos relacionadas co desenvolvemento do SGIC poden consultarse no Manual do Sistema de Garantía de Calidade da Facultade de Bioloxía, así coma no seu Regulamento de Réxime Interno. A CC da Facultade de Bioloxía está constituída por:

MEMBROS DA CCC

- O decano/a, ou membro do equipo decanal en quen delegue, que a preside e a convoca.
- Un vicedecano/a, que será o/a responsable de calidade do centro.
- O secretario/a da Facultade, que o será tamén desta comisión.
- Os coordinadores/as das titulacións adscritas ao centro.
- 11 representantes do profesorado con vinculación permanente. Sempre que sexa posible, na súa elección haberá un representante de cada unha das áreas de coñecemento que imparten materias obrigatorias do grao.
- 2 representantes do resto do profesorado (incluíndo persoal investigador en formación) con docencia no centro.
- 5 representantes dos estudantes de grao.
- 2 representantes dos estudantes de máster e doutoramento.
- 1 representante do persoal de administración e servizos.
- O xestor/a académico/a.

Tal e como consta no Manual do Sistema de Garantía de Calidade da Facultade, son funcións da Comisión de Calidade:

- Realizar o deseño, implantación, seguimento e mellora do SGC da Facultade.
- Elaborar a Memoria de Calidade da Facultade, que englobará os distintos informes e memorias: informe de resultados do sistema, que inclúe a proposta do plan de melloras da Facultade para o curso seguinte; informe do seguimento da implantación do SGC e as súas propostas de mellora; e memoria de seguimento dos títulos que inclúen as propostas de mellora, elaboradas polas correspondentes comisións de título.

Durante o curso 2016/17 as actuacións máis relevantes foron as seguintes:

- Elaboración do Plan Estratéxico 2017/2020 da Facultade de Bioloxía
- Certificación da Implantación do SGIC da Facultade de Bioloxía
- Renovación da acreditación do Grao en Bioloxía
- Renovación da acreditación do Máster en Bioloxía Mariña
- Informe de seguimento do do Máster en Acuicultura
- Informe de seguimento do Máster en Neurociencia
- Deseño e elaboración da memoria de dous novos títulos:
 - o Grao en Biotecnoloxía
 - o Máster en Biodiversidade Terrestre: caracterización, conservación e xestión.

Seguindo as indicacións da Comisión de Certificación sobre a Implantación do SGC da Facultade de Bioloxía, mellorouse a transparencia na documentación quedando as actas das reunións celebradas pola Comisión de Calidade no curso 2016/2017 dispoñibles na web da Facultade de Bioloxía (<https://www.usc.es/gl/centros/biologia/Actas.html>).

 FACULDADE DE BIOLOXÍA	MEMORIA DE CALIDADE	Versión: 01 Data: 03 de maio 2018
	FACULDADE DE BIOLOXÍA	Páxina 5 de 57

2. - Seguimento do Sistema de Garantía de Calidade e dos seus resultados

Directriz 1. Política e obxectivos de calidade

Estándar: o centro dispón dunha política e obxectivos de calidade que atenden ás necesidades e expectativas dos diferentes grupos de interese e se despregan por medio dun SGC estruturado como un proceso sistemático e cíclico que contempla os catro elementos do ciclo de mellora: planificar, desenvolver, analizar e actuar (mellorar) e inclúe mecanismos para a súa revisión e mellora continua.

Aspectos a contemplar:

- A vixencia da Política de Calidade.
- A evolución e grao de cumprimento do Plan Estratéxico do Centro, se é o caso.
- A evolución e grao de cumprimento dos obxectivos de calidade do centro, recollidos na Programación Plurianual de Calidade do Centro, se é o caso.
- A evolución e grao de cumprimento do Plan de Melloras de cada título, ou en conxunto do centro (as accións de mellora terán un apartado específico pero neste apartado debe valorarse se o SGC permite introducir melloras nos títulos, se se realiza correctamente o seu seguimento, se foron eficaces e conseguiron os obxectivos formulados, e se inclúen as recomendacións dos diferentes procesos de verificación, modificación, seguimento e acreditación).
- No caso de títulos interuniversitarios ou títulos que se imparten en varios centros da universidade, as accións levadas a cabo como consecuencia da implantación do SGC están coordinadas en todos os centros participantes.
- Os procesos, procedementos e documentación do SGIC: necesidade de efectuar cambios na xestión do Sistema de Garantía Interna de Calidade.
- A información relativa á satisfacción dos grupos de interese, queixas ou reclamacións, así como das súas necesidades e expectativas.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O Sistema de Garantía de Calidade (SGC) busca propiciar a mellora continua nas titulacións adscritas aos Centros da USC, permitíndolles acadar niveis de calidade que faciliten o seguimento do ciclo, Verificación-Seguimento-Modificación-Acreditación (VSMA) de acordo ao establecido no RD 1393/2007 e no RD 861/2010. O SGC marco da USC está deseñado seguindo o modelo da axencia de calidade autonómica, ACSUG, e está articulado en 9 criterios e 46 directrices englobados en 5 eixos, que se corresponden cos programas AUDIT e FIDES elaborados polas axencias a estes efectos.

A Facultade de Bioloxía dispón dun Manual Simplificado do SGIC que, según o informe provisional de certificación da implantación do SGC (data 28/07/2017) da Facultade de Bioloxía "**sigue cumprindo con las directrices del programa FIDES-AUDIT en cuanto a su mapa de procesos**":

(<https://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/centros/bioloxia/descargas/calidade/SGICsimplificadoBioloxiav02.pdf>).

O manual inclúe unha metodoloxía que permite obter a información necesaria para analizar o funcionamento dos títulos, detectando debilidades na implantación dos mesmos e posibilitando deste xeito a formulación de accións de mellora, cuxa efectividade se obtén a través da análise dos indicadores que se intentan mellorar. Desta maneira a consecución dos obxectivos da política de calidade baséanse no proceso sistemático e cíclico de mellorar, planificar, desenvolver e actuar.

D1.1. Actuacións máis relevantes

No curso 2016-17, as accións máis salientables desenvolvidas en relación á política e obxectivos de Calidade foron as seguintes:

- Elaboración do Plan Estratéxico da Facultade de Bioloxía 2017-2020

Froito dunha reflexión profunda, realizada polos ditintos grupos de interese, o Plan Estratéxico da Facultade de Bioloxía 2017/2020 (PE) foi aprobado na Comisión de Calidade da Facultade de Bioloxía con data 10/05/2017 e na Comisión de

Calidade Delegada do Consello de Goberno con data 12/06/2017. No PE inclúese a Misión, a Visión e os Valores da Política de Calidade da Facultade de Bioloxía. A reflexión sobre as forzas e debilidades fórmase en catro liñas estratéxicas centradas na calidade da docencia, calidade da investigación, o sistema de garantía de calidade (SGC) e as relacións coa sociedade. Este plan estratéxico pode consultarse no seguinte enlace:

(<https://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/centros/biologia/descargas/calidade/Plan-Estratexico-Facultade-de-Biologia.pdf>).

- Certificación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) da Facultade de Bioloxía

En xullo de 2017 o Centro participou no proceso de Certificación do SGIC e obtivo un informe favorable (28/07/2017), condicionado á realización dalgunhas modificacións, o que indica a súa implicación coa calidade. A comisión de certificación "**pone de manifesto que el SGC sigue cumpliendo con las directrices del programa FIDES-AUDIT [...] aunque no recoge las simplificaciones que propone la Guía para el diseño de los Sistemas de Garantía de Calidad de ACSUG, de julio de 2015, por lo que se realiza una indicación general de continuar con la revisión del sistema para hacer la documentación lo más sencilla posible y que [...] facilite a los centros cumplir con el ciclo de mejora continua (planificar-desarrollar-comprobar y mejorar) de su gestión y de las titulaciones a las que alcanza [...] así como facilitar los informes de evaluación que para las mismas requiere la Agencia**". Como resultado destas indicacións e, coa axuda da área de Calidade e Mellora dos Procedementos da USC (ACMP), estase elaborando un novo Manual do Sistema de Garantía de Calidade (MSGC).

- Elaboración do Informe de Renovación da Acreditación do Grao en Bioloxía

A renovación da acreditación do Grao de Bioloxía obtivo un informe favorable (https://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/centros/biologia/descargas/calidade/2017_I_Acreditacionfinal_Grao.pdf). Os informes favorables dos procesos de acreditación externos son o recoñecemento ao traballo realizado. Como consecuencia das indicacións do informe final de renovación da acreditación do Grao en Bioloxía elaborouse, en xuño de 2017, un Plan de Melloras da Acreditación que inclúe a modificación da Memoria do Grao de Bioloxía para a súa posterior verificación.

- Renovación da Acreditación do Máster en Bioloxía Mariña

O Máster de Bioloxía Mariña está coordinado pola Universidades de Vigo e obtivo informe favorable no proceso de renovación da acreditación.

- Aprobación do Informe de Seguimento do Máster en Acuicultura

- Aprobación do Informe de Seguimento do Máster en Neurociencia

- Deseño de novos títulos:

- Grao en Biotecnoloxía
- Máster en Biodiversidade Terrestre: caracterización, consevación e xestión.

A Facultade de Bioloxía liderou o proceso de deseño e de elaboración das memorias do **Grao en Biotecnoloxía** e do **Máster en Biodiversidade Terrestre**. As memorias foron aprobadas polo Consello de Goberno da USC con data 18/07/2017 e enviadas á Secretaría Xeral de Universidades da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia onde foron informadas favorablemente. Este traballo está en consonancia cos obxectivos do PE da Facultade de Bioloxía.

D1.2.- Seguimento dos Plans de Melloras

Os procedementos de avaliación e mellora da calidade desenvóléronse de acordo ao establecido no SGC. Os plans de mellora recolleron as recomendacións dos informes derivados dos procesos de seguimento e de renovación da acreditación. A nivel do centro destacan a Creación do Comité Consultivo da Facultade de Bioloxía, en decembro de 2017, e a execución da meirande parte das accións de mellora incluídas na memoria de calidade do curso 2015/2016 (códigos PMx-PM1617-FB na Aplicación de Axuda ao Sistema de Xestión -AASX).

No tres títulos de máster que son interuniversitarios (Máster de Acuicultura, Máster de Bioloxía Mariña e Máster de Neurociencia) as accións foron perfectamente coordinadas entre as universidades participantes.

Grao en Bioloxía

No curso 2016/2017 desenvolvéronse as distintas accións de mellora, tanto as incluídas no informe de renovación da acreditación (códigos AM-x na AASX) como as do plan de melloras derivado do mesmo (códigos GB-x na AASX). Dentro das incluídas no informe de renovación da acreditación cabe destacar a aprobación, pola Xunta de Facultade, da redución do número de prazas de novo ingreso ofertadas (AM-1.1); a realización da enquisa aos egresados (AM-1.2); o desenvolvemento dun programa de acción tutorial para alumnos de 1º curso con deficiencias en Química (AM-1.3) que comezou a funcionar en setembro de 2017; o impulso a implantación de dous novos títulos (AM-1.4), o Grao en Biotecnoloxía e o Máster en Biodiversidades Terrestre; a mellora das actividades de acollida (AM-1.5); a celebración das xornadas de orientación laboral *E agora que fago?* (AM-2.6); a realización do informe da porcentaxe de superación de materias (AM-3.1, para coñecer as materias que de forma recorrente presentan as menores taxas de superación) e do informe das diferencias de notas entre grupos da mesma materia (AM-3.5); e o deseño dun horario con estrutura modular (para o primeiro cuatrimestre do 2º curso) que se implantou no curso 2017/18 (AM-3.6).

Algunhas das accións do Plan de Melloras da Acreditación xa están rematadas, coma o nomeamento dunha comisión para a redacción da modificación da memoria do grao, a actualización constante da información que sobre os títulos se publica na web, e a solicitude ao Reitorado de reducir por normativa o módulo de alumnos/as por grupo e a contabilización da totalidade dos alumnos/as repetidores.

Máster en Acuicultura

O grao de cumprimento do Plan de Mellora do Máster de Acuicultura (MA) foi completo. O cumprimento e/ou logros alcanzados foron parciais unicamente naqueles casos que implican a intervención de entidades alleas e/ou xerárquicamente por encima das facultades/Instituto de Acuicultura (IA) e da Comisión Interuniversitaria do MA, como xa se foi indicando nas diversas memorias de seguimento presentadas previamente. As accións emprendidas foron eficaces en todos os casos, o seu seguimento foi satisfactorio e, en xeral, alcanzáronse os obxectivos formulados, mesmo nos casos antes citados (aínda que neses casos, o alcance fose parcial, o avance foi satisfactorio e esperanzador).

Máster en Neurociencia

En relación co plan de melloras proposto no anterior autoinforme, elaborouse un póster informativo sobre a titulación (Tarefa 1 da AM2), o cal será utilizado para darlle unha maior difusión ao título fora da nosa Comunidade (AM prorrogada). Por outra parte, dado o elevado número de alumnos/as titulados en Psicoloxía e Medicina que se matriculan no Máster, os grupos de investigación da Profa. Isabel Fraga (USC) e do Prof. Miguel Angel Fernández del Olmo (UDC) incorporáronse ás liñas de investigación nas cales os alumnos/as poden realizar o TFM se o desexan (AM3). En relación co seguimento e adquisición de diversas competencias transversais do título, no Informe do titor/a do TFM incluíuse un cadro onde este valora numéricamente (1-5) a adquisición de diversas competencias por parte do alumno/a que titoriza (AM4).

D1.3.- Procesos, procedementos e documentación do SGC

A Facultade de Bioloxía obtivo a Certificación da Implantación do Sistema de Garantía de Calidade en xullo de 2017. A implantación do mesmo está pendente da aprobación das modificacións resultantes do proceso.

D1.4 Satisfacción dos grupos de interese

Grao en Bioloxía

O informe final de renovación da acreditación do Grao en Bioloxía (xuño de 2017) pon de manifesto o elevado grao de satisfacción dos distintos grupo de interese; así textualmente indica: **“El elevado grado de satisfacción tanto por los colectivos implicados directamente en la docencia como por el personal externo (entidades de prácticas externas)”** e **“La satisfacción con su labor en la Facultad y con el título del Personal de Apoyo (Personal de Administración y Servicios, técnicos de apoyo a lo docencia, etc)”**.

Os resultados das enquisas realizadas ao alumnado e ao profesorado do Grao de Bioloxía, así como ao persoal de administración e servizos (PAS) da Facultade de Bioloxía indican tamén a elevada satisfacción global dos distintos colectivos coas actividades realizadas no Centro como o demostran os distintos indicadores. Os valores do indicador IN46G-S01-PM-01 (satisfacción do alumnado coa docencia recibida) oscilan entre 3,69 e 3,94 (sobre 5) entre os cursos 2011-12 e 2016-17, sendo 3,87 no curso 2016/17. A valoración media do profesorado coa docencia impartida (IN47G-S01-PM-01) é de 3,84 no 2016/17, manténdose en valores similares dende o curso 2012/13. No caso do PAS, os valores do indicador IN49C-PS-01 (satisfacción do PAS co traballo realizado) oscilan entre 3,91 e 4,14 nos cursos analizados (entre 2014/15 e 2016/17). No curso 2016-17 participaron nas enquisas o 35,39% do alumnado, o 41,73% do profesorado e o 45% do PAS, observándose que, aínda que a participación non é moi alta, mellora nos últimos cursos.

Máster en Acuicultura

Analizamos os resultados das enquisas de satisfacción en que temos datos das 3 universidades, tanto do alumnado coma do profesorado. No primeiro caso, os resultados foron satisfactorios nas 3 universidades: 3,05 UDC, 3,42 UVigo e 3,68 USC; a interpretación destes datos non se podería facer só cos informes das universidades, posto que non achegan as causas das valoracións; isto podémolo realizar grazas ás reunións de valoración que se realizan cos alumnos a mediados e finais do curso académico. Os resultados do profesorado foron tamén altos: 4,44 UDC, 4,55 UVigo e 3,89 USC.

Máster en Neurociencia

Como se reflexa na enquisa de satisfacción do profesorado coa titulación as competencias do título son as adecuadas para o desenvolvemento profesional do alumnado (valoración dun 3,92 por parte do profesorado), e por outra parte, o profesorado considera que as competencias recollidas na memoria do título son adquiridas polo alumnado (valoración dun 4,29 sobre 5 por parte do profesorado). En relación á valoración do alumnado coa adquisición das competencias, esta foi superior a 3 (3,33 sobre 5).

D1.5.- Queixas e incidencias

Moitas reclamacións, queixas e/ou suxestións son tramitadas directamente pola Oficina de Análise de Reclamacións (OAR) polo que non chegan ao centro, xa que non teñen que ver directamente coa xestión directamente encomendada á Facultade (prezos públicos, matrícula...). Segundo a información obtida da Memoria que publica a OAR (<http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/servizos/oar/descargas/Memoria-OAR-2016-2017-2V.pdf>).

No curso académico 2016/2017 foron presentados 4 recursos (2 sobre anulación de matrícula, 1 sobre impago de prezos públicos e 1 sobre recoñecemento de estudos de Formación Profesional). Destes 4 recursos, só 2 foron estimados pola OAR e un deles foi enviado ao centro (o do recoñecemento de estudos) que foi tratado pola Comisión de Recoñecemento de Estudos da Facultade.

No curso 2016/2017 presentáronse na OAR 4 queixas, 3 do alumnado do Grao en Bioloxía (expediente académico, matrícula e media do expediente) e 1 pertencente ao Máster de Neurociencia (Suplemento Europeo ao Título). Destas 4 queixas, 3 foron desestimadas pola OAR.

As reclamacións presentadas directamente no centro foron:

- Dúas reclamacións ás cualificacións na materia Xenética I (Grao en Bioloxía) que foron inadmitidas a trámite pola ausencia dunha motivación consistente.
- Reclamación do alumnado de 3º curso sobre a aplicación de diferentes criterios de corrección entre as dúas oportunidades de exame na materia Microbioloxía I (Grao en Bioloxía). Foi tratada e rexeitouse na Comisión de Docencia do 27 de xullo de 2017.

As enquisas realizadas aos egresados do Grao en Bioloxía indican que valoran positivamente a atención do decanato do centro no caso de ter realizada unha reclamación. O ítem da enquisa presenta un valor de 2,9 (curso 2016/17) que é superior á media dos centros da USC, e mellora dende o curso 2013/2014.

Directriz 2. Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos

Estándar: O centro ten implantados procedementos para o deseño, a aprobación e revisión periódica dos seus programas formativos (verificación, seguimento, modificación e renovación da acreditación dos títulos oficiais), e se procede da súa extinción. Estas revisións deben conducir á mellora continua de todos os títulos.

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados co deseño, a revisión, a mellora e, se procede, a extinción (garantías do alumnado en caso de que se produza a extinción ou suspensión dunha titulación e facelo público) dos programas formativos.
- Resultado da análise realizada de todas as accións desenvolvidas sobre o deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos
 - cumprimento do incluído nas memorias verificadas para facilitar a implantación de modificacións no seu caso e atender ao ciclo de garantía externa das titulacións, en canto a seguimento e renovación da acreditación se refire;
 - cumprimento de guías docentes;
 - procedementos de coordinación,
 - resultados de materias e títulos;
 - análise do perfil real de ingreso/egreso,
 - análise de que os titulados acadan os resultados de aprendizaxe previstos na memoria.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O deseño, a aprobación e a revisión periódica (verificación, seguimento, modificación e renovación) dos títulos impartidos na Facultade de Bioloxía realízase seguindo os procedementos incluídos no SGC do centro. Estas revisións deben conducir á mellora continua dos títulos. Isto reflíctese en que, no curso 2016/2017, obtiveron informes favorables a renovación da acreditación do Grao en Bioloxía e do Máster en Bioloxía Mariña, a modificación da memoria do Máster en Acuicultura e o informe de seguimento do Máster en Neurociencia, o que indica o bo funcionamento do Centro.

A información sobre os distintos procesos para garantir a aprendizaxe e a avaliación do alumnado actualízase continuamente e ponse a disposición dos distintos usuarios na web da USC, no caso do Grao en Bioloxía, (<https://www.usc.es/gl/centros/bioloxia/index.html>) e en webs propias no caso dos títulos de Máster:

<http://www.usc.es/macucig/>

<http://masterbiologiamarina.uvigo.es/>

http://www.usc.es/gl/titulacions/masters_oficiais/neurosci/.

No curso 2016/2017, como resultado das indicación do Comité de Certificación, mellorouse a información pública sobre os procesos de calidade; así, na páxina web do centro inclúense as actas das reunións da comisión de calidade e de docencia da Facultade de Bioloxía.

Os plans de estudos implantáronse de acordo á memoria de verificación dos títulos, e desenvólvense de forma que as actividades formativas, as metodoloxías docentes e os sistemas de avaliación empregados nas materias se adecuen ao descrito nas devanditas memorias con lixeiras modificacións e axustes, realizados para mellorar a calidade docente.

Nas titulacións interuniversitarias, co fin de lograr unha maior eficiencia e calidade sería importante que diversos aspectos relacionados co desenvolvemento do título (datas de preinscripción, datas de matrícula, datas para realizar cambios na matrícula, periodos de lectura de traballos fin de máster, e periodos de apertura e peche de actas...) fosen o mais homoxéneos posíbel; os vicerrektorados con competencia en cada unha das universidades terían que valorar a necesidade de unificar diversos aspectos relacionados co desenvolvemento do título. Polo xeral a falta de unificación institucional nos aspectos mencionados anteriormente xerán confusión no alumnado matriculado en cada unha das universidades.

No punto 4 desta memoria amósanse os indicadores do SGC dos títulos impartidos na Facultade de Bioloxía: Grao en

Biología (GB), Máster en Acuicultura (MA), Máster en Neurociencia (MN) e Máster en Biología Mariña (MBM).

D2.1.- Resultado da análise realizada no Grao en Biología

Segundo indica o informe final de renovación da acreditación de xuño de 2017, o Grao en Biología da USC *“mantiene el interés desde el punto de vista académico, científico y profesional. Sus contenidos están actualizados y coordinados con el resto de los títulos de Grado en Biología a nivel nacional, y son coherentes con los estudios de biología a nivel internacional”*. O plan de estudos do Grao en Biología no sufriu modificacións na súa estrutura dende a súa implantación, soamente se realizaron pequenos cambios na asignación temporal (referida a clases expositivas, interactivas e titorías) dalgunhas materias que non alteran a carga de créditos e que van encamiñadas a mellorar os obxectivos formativos das mesmas.

No Grao en Biología implementáronse procedementos para mellorar a información sobre o desenvolvemento da docencia como son a realización de distintas enquisas:

- enquisa aos alumnos/as matriculados en 1º curso sobre o seu perfil de ingreso
- enquisa de coordinación sobre o desenvolvemento da docencia
- enquisa de satisfacción coas prácticas externas
- enquisa aos egresados/as

e a elaboración de distintos informes:

- informe de porcentaxe de superación de materias
- informe de diferenzas de notas entre grupos
- informe de abandono.

As accións de análise e revisión levadas a cabo desde o SGC permitiron introducir modificacións para a mellora no título. No curso 2016/2017 as modificacións principais foron a redución do número de prazas de acceso; a aprobación da redución da presencialidade nas clases expositivas para potenciar as clases interactivas tal e como requería o informe final da renovación da acreditación; e a inclusión da avaliación das competencias nas guías docentes das distintas materias. Estas medidas pódense considerar eficaces para a mellora de indicadores como a taxa de graduación.

D2.1.1. Actividades formativas

O desenvolvemento das actividades formativas de cada unha das materias dos títulos impartidos está recollido nas Guías Docentes que se publican na web do Centro antes do período de matriculación.

No Grao de Biología, as Guías Docentes das distintas materias son revisadas polos coordinadores/as de curso e de título e aprobadas pola Comisión de Docencia e a Xunta de Facultade. O grao de cumprimento das programacións docentes no curso 2016/2017 foi elevado tal e como indican tanto a enquisa realizada dende a Área de Calidade (o ítem “cumple co programa e co plan de traballo previsto” ten un valor de 4,2 sobre 5) como a enquisa realizada desde a área de coordinación cuxos resultados están recollidos nos informes de coordinación do 1º e 2º semestre:

<https://www.usc.es/gl/centros/biologia/SGIC.html>.

D2.1.2.- Procedementos de coordinación

No Grao en Biología estase a facer un esforzo importante nos procedementos de coordinación. As actas das reunións de coordinación poden ser consultadas na AASX.

Os/as coordinadores/as dos distintos cursos xunto co/a coordinador/a do grao teñen un papel activo na planificación e seguimento das actividades docentes. Manteñen reunións periódicas, polo menos unha por semestre, cos coordinadores/as das materias e cos representantes de alumnos/as, e realizan unha enquisa ao alumnado de percepción sobre o desenvolvemento da docencia. Esta información recóllese nos informes de coordinación que se presentan para a súa discusión e aprobación nas Comisións de Docencia e de Calidade, así como na Xunta de Facultade. Os informes de coordinación están dispoñibles na páxina web do centro (<https://www.usc.es/gl/centros/biologia/SGIC.html>).

Cando se detectan problemas no desenvolvemento da programación ou na coordinación, infórmase á Comisión de Docencia para o establecemento de accións coa finalidade de corrixir as desviacións detectadas. Máis concretamente no curso 2016/2017 detectáronse algunhas queixas do alumnado de 2º curso sobre diferenzas de nivel de dificultade nos exames dos distintos grupos en materias impartidas por distintos profesores, tal e como indica o informe de coordinación do 1º semestre. Como consecuencia das accións levadas a cabo no curso anterior, mellora a valoración que o alumnado realiza sobre a coordinación en Xenética I, materia na que se atoparon problemas importantes en cursos anteriores, que foron comunicados ao departamento responsable da súa docencia.

Con todo, as queixas recurrentes do alumnado están relacionadas coa elevada presencialidade, os horarios das actividades docentes e dos exames e a elevada carga de traballo. Para tentar mellorar estes aspectos, reduciuse a presencialidade nos créditos expositivos (de 10 a 7,5 horas, aprobado na Xunta de Facultade) e deseñouse un horario modular en 2º curso (1º semestre). Ademais, dende a área de coordinación estase intentando concienciar ao profesorado da necesidade de facer unha planificación das distintas actividades das materias (por exemplo, dos prazos de entrega de traballos).

Os esforzos víronse reflectidos no feito de que, no curso 2016/17, a satisfacción do alumnado e do profesorado coa coordinación foi elevada, como o indican os valores dos indicadores que a recollen (3,9 e 4,5 sobre 5 para alumnado e profesorado repectivamente).

D2.2.- Resultados da análise realizada no Máster de Acuicultura

D2.12.1. Actividades formativas

O cumprimento das guías docentes é un dos apartados dos formularios de satisfacción do alumnado propios do MA. Só en dous casos se detectaron críticas por parte do alumnado, que fan referencia a que algunhas materias están sobredimensionadas respecto ao que se espera segundo as guías docentes. En ambos casos, falouse tanto cos alumnos (nas reunións programadas e a comezos de curso) como cos profesores implicados, e non se puido constatar que as críticas foran fundadas. Por iso, a acción limitouse a pedir aos profesores implicados que fagan un especial esforzo en axustar a carga docente ao que se indica na guía da materia.

D2.2.2.- Procedementos de coordinación

Revisáronse os procedementos de coordinación, e cremos que son eficientes. De todos os xeitos, para mellorar a coordinación fomos reducindo o número de profesores nalgúns materias (as que máis incidencias de coordinación mostraron) e, ademais, para a implantación -o próximo curso- do máster modificado, cambiamos algúns dos coordinadores das mesmas.

D2.3.- Resultados da análise realizada no Máster de Neurociencia

D2.3.1. Actividades formativas

Como se pode comprobar nos horarios e guías docentes das materias, a oferta académica do curso 2016-17 fíxose de acordo ao establecido na memoria do título. Por circunstancias imposibles de prever, na metade do segundo cuadrimestre, dende a Facultade de Bioloxía da USC informouse á Vicerreitoría de Oferta Docente e Innovación Educativa de que, debido a motivos de forza maior, a materia optativa P2012222 Neurotoxicoloxía (adscrita a Universidade de Vigo) non se podía impartir na Universidade de Vigo, e de que tampouco era posible a súa impartición por profesorado da USC ou UDC. Polo tanto, por resolución reitoral, eliminouse esta materia da oferta académica.

Nesta situación os coordinadores das tres Universidades contactaron cos alumnos/as matriculados na materia, buscando as mellores opcións para cada un. En cada unha das Universidades permitiuselles a estes alumnos/as modificar a súa matrícula no prazo establecido polo Servizo de Xestión Académica.

A pesar do trastorno que supuxo o cambio na súa matrícula, o desenvolvemento das ensinanzas da titulación foi valorado polo alumnado cun 3 (1-5) e cun 4,21 polo profesorado, como se recolle no informe das enquisas de satisfacción do alumnado coa titulación. Por outra parte, esta incidencia no correcto desenvolvemento do plan de estudos non afectou ao número de egresados, que foi de 23 alumnos/as, valor similar ao do curso anterior (25 alumnos/as).

Os datos indican que, aínda que no curso académico se produciu unha situación imprevisible, o título se desenvolveu de maneira adecuada.

D2.3.2.- Procedementos de coordinación

O máster conta cun coordinador de materias obrigatorias (Prof. Miguel A. Rodríguez), e dous coordinadores para cada un dous itinerarios (Prof. Fernando Cadaveira e o Prof. Ramón Soto). Co fin de evitar baleiros e duplicidades entre materias, os programas foron revisados polos membros da Comisión Académica. Naquelas materias nas que poidan xurdir problemas en relación coa coordinación, o coordinador da materia reúnese cos outros profesores da materia (acción de mellora incluída no autoinforme do curso 2014-2015). Por outra parte, para coñecer o desenvolvemento do plan de estudos, o coordinador xeral do título reúnese co representante dos alumnos/as na Comisión Académica.

Segundo as enquisas, o alumnado considera que hai unha boa coordinación entre os distintos/as profesores/as dunha mesma materia (4,47 sobre 5), e o profesorado considera que a coordinación entre os/as profesores/as dunha mesma materia e altamente efectiva (4,89 sobre 5).

Co fin de valorar a adquisición das competencias por parte dos alumnos/as, o profesorado fai unha análise das enquisas de satisfacción coa docencia recibida cubertas polos alumnos/as, e adopta as medidas necesarias no caso de que sexa necesario.

Dunha maneira obxectiva a adquisición das competencias por parte dos alumnos/asponse de manifesto durante a defensa dos Traballos Fin de Máster, na que os alumnos/as mostran un alto grao de competencia e coñecementos. Por outra banda, cada titor dun Trabajo Fin de Máster emite un informe no cal valora cunha puntuación (sendo 1 o mínimo e 5 o máximo) o grao de consecución dunha serie de competencias transversais recollidas na memoria do Título. A maior parte das competencias adquiridas acadan valoracións de entre 4 e 5.

D2.4.- Aplicación de normativas predefinidas

A normativa de permanencia e a de transferencia e recoñecemento de créditos, establecidas pola USC, aplícase correctamente. Toda a información referente ás mesmas está dispoñible na páxina web do centro, na que tamén se inclúe a normativa de asistencia a clase, a de avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión das cualificacións. No Grao en Bioloxía, no curso 2016/17 recoñecéronse, como créditos da titulación, a adquisición de competencias transversais (por exemplo o recoñecemento de idiomas) e a realización de distintas actividades (cursos de verán, cursos de títulos, participación en actividades deportivas).

Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado

Estándar: o centro ten implantados procedementos para garantir que as accións que emprende ao impartir as súas titulacións teñen como finalidade fundamental favorecer a aprendizaxe do alumnado, así como permitirlles tomar un papel activo no deseño e desenvolvemento do proceso de aprendizaxe, e que a avaliación do alumnado reflicte este enfoque.

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado:
 - admisión do alumnado (probos específicas, perfil, captación).
 - aplicación de normativas predefinidas que cobren todo o ciclo de vida do alumnado (admisión, progresión, recoñecemento e certificación).
 - Complementos formativos, curso de adaptación ou de nivelación.
 - Metodoloxía de ensinanza (adaptación a necesidades específicas de aprendizaxe, mecanismos de coordinación dos procesos de ensinanza-aprendizaxe).
 - Avaliación da aprendizaxe.
 - Orientación académica (plan de acción tutorial) e profesional.

- Prácticas externas.
- Mobilidade.
- Traballos fin de grao/máster (asignación, supervisión, avaliación).
- Resultados de aprendizaxe.
- Indicadores de satisfacción e rendemento.
- Suxestións e reclamacións.
- Resultado da análise realizado de todas as accións desenvolvidas sobre a garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

As memorias dos títulos impartidos na Facultade de Bioloxía inclúen, para asegurar a obxectividade, información e transparencia, todas as normas, descricións, instrucións, etc. que aquí se indican nos diversos apartados. Esta información actualízase anualmente e ponse a disposición do alumnado (e de calquera persoa interesada) na web do centro e nas webs propias dos másteres.

O alumnado accede ás titulacións impartidas na Facultade de Bioloxía seguindo os criterios de admisión establecidos na lexislación vixente. O centro ten implantados procedementos para garantir a aprendizaxe e a avaliación centrados no alumnado e, ademais, na Facultade de Bioloxía "**Es de destacar la buena relación profesor-alumno**" tal como indica o informe de renovación da acreditación do grao en Bioloxía.

As Guías Docentes das materias inclúen obxectivos, contidos, bibliografía (básica e complementaria), competencias, metodoloxía do ensino, sistema de avaliación, tempo de estudo e traballo personal e recomendacións para o estudo. As actividades formativas realizadas nas materias son principalmente clases expositivas, clases interactivas (de pizarra, laboratorio e campo) e titorías.

D3.1.- Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumno no Grao de Bioloxía

D3.1.1. Perfil real de ingreso

Como se recolle no informe final de renovación da acreditación do Grao de Bioloxía "**el título tiene un buen nivel de demanda, con una nota media de acceso que se ha incrementado**". Dende a súa implantación sempre se cubriron as prazas ofertadas polo que consideramos que está actualizado e mantén a súa relevancia. O perfil de ingreso dos alumnos que acceden ao Grao de Bioloxía é adecuado posto que a maioría deles proceden do Bacharelato (LOE) de Ciencias e Tecnoloxía e examináronse da proba de acceso á universidade (PAU). No curso 2016/17 presentáronse 907 solicitudes (827 de alumnos procedentes de bacharelato e 67 de formación profesional) das que se admitiron 169 (datos da CIUG). A gran maioría dos alumnos/as admitidos (95%) proceden do Bacharelato (LOE) de Ciencias e Tecnoloxía e examináronse da PAU. A nota de corte do Grao en Bioloxía da USC foi de 9,0 (mellorando en medio punto a nota del curso 2015/16 -8,55- e en máis de un punto a do 2014/15 -7,796). A nota media de acceso por preinscrición foi de 10,63 (mellorando en case dous puntos dende o curso 2011/12) e a porcentaxe de alumnos/as matriculados que seleccionaron o Grao en Bioloxía da USC como primeira opción foi do 73,6%. A maioría do alumnado procede de Galicia (95,8% no curso 2016/2017).

O alumnado admitido que se matricula por primeira vez é recibido nun "Acto de Acollida" no que se lles explica o funcionamento do centro e no que se realiza unha enquisa para ter máis información do seu perfil de acceso. A valoración que os egresados realizan sobre esta actividade mellora nos últimos cursos (2,7 sobre 5 para o curso 2016/2017).

Os resultados da enquisa que se realiza dende o centro para mellorar o coñecemento do perfil de acceso indican que os alumnos/as que acceden ao Grao en Bioloxía cursaron, en case todos os casos, as materias de Bioloxía e Xeoloxía, Física e Química, Matemáticas I, Bioloxía, Química e Matemáticas II. Isto plásmase na elección das materias das que se examinan na PAU que adoitan ser Bioloxía, Ciencias da Terra e Medio Ambiente, Química e Matemáticas, nas que aproban sempre máis do 88% e presentan, sañvo excepcións, notas medias de cualificación de notable.

Os resultados desta enquisa para os cursos 2014/2015 e 2015/2016 indicaban que un 25% dos alumnado podía presentar carencias formativas en Química polo que se desenvolveu u programa de acción tutorial nesta materia.

D3.1.2.- Metodoloxía da ensinanza

No Grao en Bioloxía, a media de alumnos/as por grupo de clases expositivas (72,7 no curso 2016/17) e interactivas (27,4 no curso 2016/17) é superior ao desexado e está por encima da media dos centros da USC (59,93 para as clases expositivas e 22,62 para as interactivas), aínda que vai descendendo dende o curso 2013/14. Nos últimos cursos estanse tomando medidas, como o descenso de prazas de novo ingreso e a creación de grupos de centro, encamiñadas a rebaixar este número e a facilitar o proceso formativo. No informe final de renovación da acreditación indícase **“Se debe procurar ajustar el tamaño de los grupos a la distinta naturaleza de los mismos: grupos de teoría y grupos de docencia interactiva (grupos de laboratorio y grupos de seminario). Especialmente, los grupos de laboratorio donde el número de estudiantes oscila entre 23 y 26 los cuatro últimos cursos académicos”**, polo que unha das accións do Plan de Melloras da Acreditación foi instar o Reitorado a reducir por normativa ó módulo de alumnos/as por grupo e á contabilización dos alumnos/as repetidores.

No curso 2016/2017, e para o plan de ordenación docente (PDA) do curso 2017/2018, a Facultade de Bioloxía solicitou grupos a maiores sobre a proposta elaborada pola Reitoría que foi aprobada, excepto para as materias de Biofísica e Enxeñaría Xenética. No caso de Biofísica creouse un grupo de prácticas de centro para o alumnado repetidor.

D3.1.3. – Orientación académica

Para o alumnado do Grao en Bioloxía realízanse reunións informativas sobre os programas de mobilidade, as prácticas externas (materia obrigatoria) e os traballos fin de grao (TFG). No curso 2016/17 estableceuse un programa piloto de acción tutorial para o alumnado de terceiro curso enfocado principalmente a facilitarlles o maior aproveitamento das prácticas externas e do TFG e celebráronse as xornadas de orientación laboral “E agora que fago?”.

D3.1.4. Programas de mobilidade

O número de alumnos/as recibidos a través dos distintos programas de mobilidade non é moi elevado (no curso 2016/17 é do 3,3% dos alumnos matriculados) e tampouco o é o dos enviados pola USC (no curso 2016/17 é do 2,5% dos alumnos matriculados). Se se compara a nivel nacional con outros 25 graos en Bioloxía, o Grao en Bioloxía da USC está entre os que presentan menor mobilidade entrante e saínte, pero en comparación con outros títulos similares da USC presenta unha aceptable mobilidade tanto entrante como saínte. Para tentar mellorar a participación do estudiantado nos programas de mobilidade e tal como se indica no Plan de Melloras da Acreditación (para o curso 2017/18) propúxose o reforzo da convocatoria de reunións informativas para o alumnado sobre as opcións, destinos e condicións da mobilidade saínte.

D3.1.5.- Prácticas externas

A Facultade de Bioloxía mantén convenios con empresas e organismos públicos para a realización das Prácticas Externas do Grao. No curso 2016/17 cursaron a materia 86 alumnos en distintos centros, entre os que hai centros de investigación (por exemplo: Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago -IDIS-, Centros de Investigación e Departamentos da USC), centros das administracións públicas (por exemplo: Centros da Consellería de Medio Ambiente, Laboratorio Agrario e Fitopatolóxico de Galicia -LAFIGA-, Concellos) e empresas privadas (por exemplo Akuanatura e Coren). Os alumnos/as do Grao en Bioloxía teñen a posibilidade de realizar ademais Prácticas Externas Optativas (no curso 2016/17 participaron neste programa 20 alumnos) e Prácticas Extracurriculares a través do Consello Social (no curso 2016/17 participaron neste programa cinco alumnos).

A satisfacción do alumnado coas prácticas externas é moi elevada dende o curso 2013/14, como indican os resultados das enquisas realizadas pola Área de Calidade da USC (valor do indicador IN19G-PC-09 de 4,48 sobre 5 para o curso 2016/17), e pola Facultade de Bioloxía (4,8 sobre 5 para o curso 2016/17). As enquisas tamén amosan unha alta satisfacción cos programas de prácticas externas por parte dos/as titores/as externos (o valor do indicador IN20G-PC-09 é de 4,13 sobre 5 para o curso 2016/17), dos/as titores/as académicos (o valor do indicador IN21G-PC-09 é 4,33 no curso 2016/17) e dos/as egresados/as (4,2 sobre 5 para o curso 2015/16, último no que se dispón de datos).

D3.1.5.- Traballos Fin de Grao (TFG)

Os procedementos relacionados coa asignación, supervisión e avaliación dos TFG están perfectamente establecidos, non

detectándose incidencias no curso 2016/17 no que se defenderon 76 TFG:

<http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/centros/biologia/descargas/tfg/TRABALLOS-FIN-DE-GRAO-LIDOS.pdf>.

Na Facultade de Bioloxía modificouse o regulamento do TFG para adaptalo as modificacións no Artigo 4 do Regulamento de matrícula, elaboración e defensa dos traballos fin de grao e fin de máster na Universidade de Santiago de Compostela (aprobado polo Consello de Goberno do 10 de marzo de 2016).

D3.1.6.- Avaliación da aprendizaxe

No Grao en Bioloxía os mecanismos de avaliación da aprendizaxe teñen en consideración dous aspectos fundamentais, a inclusión das competencias (transversais e específicas) e o seu sistema de avaliación nas guías docentes das distintas materias e, a avaliación da adquisición de competencias por parte dos titores externos dos programas de prácticas externas. A enquisa que se realizou ao profesorado sobre a adquisición e o desenvolvemento das distintas competencias por parte do alumnado do grao, indicou que se están traballando todas as competencias específicas e transversais recollidas na Memoria do Grao. Trabállanse tamén outras competencias transversais como aprendizaxe autónoma, capacidade de organización e planificación, sensibilidade por temas medioambientais, motivación pola calidade, capacidade de xestión da información, toma de decisións, creatividade e iniciativa e desenvolvemento de modelos conceptuais.

Os resultados das enquisas sobre adquisición de capacidades/competencias do alumnado realizadas aos titores externos de prácticas externas indican unha elevada satisfacción, valorando con puntuacións superiores a 8,9 sobre 10, para o curso 2016/2017, todas as competencias incluídas no formulario distribuído dende o centro.

D3.1.7.- Informes sobre o desenvolvemento da docencia

Os resultados obtidos nalgúns dos indicadores no curso 2014/2015, como por exemplo, a elevada taxa de abandono, a baixa taxa de graduación (inferior á que presenta a memoria do grao) e a duración media dos estudos, leváronnos a profundizar na análise das causas e na búsqueda de posibles solucións. Así dende o curso 2014/2015 realizase a análise dos resultados e emítense informes que se discuten nas Comisión de Docencia e de Calidade e, unha vez aprobados, inclúense na sección de calidade da páxina web do centro (<https://www.usc.es/gl/centros/biologia/SGIC.html>).

Informe de abandono

O sistema de indicadores da USC contempla dúas diferentes taxas de abandono, a “taxa de abandono durante o primeiro curso” (IN40G-S01-PM-01) e a “taxa de abandono do RD 1393” (IN41G-S01-PM-01). Manter unhas taxas de abandono baixas é crucial para poder alcanzar as taxa de graduación previstas na memoria do título. Os resultados indican que unha parte importante do alumnado que abandona os estudos de Bioloxía (25% no curso 2015/2016, último do que se teñen datos), cambia a grados de Ciencias da Saúde.

No curso 2016/2017 a taxa de abandono durante o primeiro curso é do 12,3%, case catro puntos por debaixo da do curso 2015/2016 (16,4%). Esta mellora pode estar relacionada coa redución do número de prazas que se está levando a cabo e a consecuente mellora na nota media de acceso a titulación.

Informe de porcentaxe de superación de materias

O informe do porcentaxe de superación de materias indica que, no curso 2016/17 o promedio de alumnos matriculados que superan en cada convocatoria as materias do grao é do 74,7%; observándose unha subida de máis de 5 puntos porcentuais respecto ao curso anterior, que está relacionada fundamentalmente coa mellora na nota de corte da PAU. As materias de Química para Bioloxía e Fisioloxía Vexetal II presentan unha porcentaxe de superación por debaixo do percentil do 20% (respecto da media do conxunto das materias dos distintos cursos) nos dos últimos cursos, polo que consideranse incluídas no sistema de alerta temperá o que implica informar desta situación aos departamentos responsabeis desta docencia. Doutra banda, durante este curso obtiveron resultados que as permiten saír do sistema de alerta temperá as materias Bioloxía da Célula e Bioloxía dos Tecidos e Órganos.

Para mellorar os resultados de Química para Bioloxía desenvolveuse, dentro do plan de melloras, un programa de acción tutorial para alumnos con deficiencias nesta materia que comezou a funcionar no curso 2017/18.

Informe de diferencias de cualificación entre grupo

O informe da diferenza de cualificacións do alumnado dos diferentes grupos de clase expositivas, no curso 2016/17, amosa diferenzas estadísticamente significativas nas cualificacións de Zooloxía I (1,2 puntos de diferenza na mediana), Xenética II (1,1 puntos de diferenza na mediana), Xenética I (1,0 puntos de diferenza na mediana), Xenética Evolutiva (1,0 puntos de diferenza na mediana), Botánica II (0,8 puntos de diferenza na mediana) e Xeoloxía (0,4 puntos de diferenza na mediana). Esta información preséntase na Comisión de Docencia e de Calidade que, si o considera oportuno remítea aos departamentos responsables da docencia das materias para que tomen as medidas oportunas.

Informe de repetidores do TFG

O informe das materias suspensas polas que o alumnado non poden defender o TFG coa súa cohorte de entrada e que fan descender a taxa de graduación do título (IN37C-S01-PM-01) son, no curso 2016/17, Bioloxía Molecular (81%) e Fisioloxía Vexetal II (19%). Os departamentos responsabeis da súa docencia son coñecedores da situación.

D3.1.8.- Resultados da aprendizaxe

No Informe Final de Renovación da Acreditación sinalase, entre os puntos fortes da titulación **“los contenidos están actualizados y coordinados con el resto de lo títulos de Grado en Biología a nivel nacional, y son coherentes con los estudos de biología a nivel internacional”** e **“alumnado motivado por el grado, bien preparado en su formación teórica y con capacidad de adaptación a diferentes situaciones”**, o que reflicte que o título cumpre os requisitos do programa formativo.

Os bos resultados da aprendizaxe pódense observar nas cualificacións dos TFG, nas valoracións que sobre as competencias adquiridas polo alumnado realizan os tutores/as externos dos programas de prácticas externas (comentado anteriormente), nos resultados das enquisas realizadas aos egresados/as e nos datos de inserción laboral dispoñibles.

As boas cualificacións dos TFG defendidos polo alumnado (no curso 2016/2017 os resultados obtidos foron: 7,9% matrícula de honra, 48,7% sobresaiente, 40,8% notable e 2,6% aprobado) indica que o alumnado finaliza o título cunha boa formación.

Ademais, a satisfacción dos egresados no grao de Bioloxía coa titulación e o centro é boa aínda que están máis satisfeitos coa formación teórica recibida (3,95 no curso 2015-16, último curso do que se dispón de datos) que coa práctica (2,58 no curso 2015-16). Valoran moi positivamente os programas de prácticas externas (4,16 no curso 2015-16) e de mobilidade (3,8 no curso 2015-16), as infraestruturas (3,58 no curso 2015-16) e os recursos e servizos (valores > 4,1 no curso 2015-16 para todos os ítems deste apartado). Os ítems relacionados coa adquisición de distintas competencias, o cumprimento das expectativas e a satisfacción co profesorado, presentan valores entre 2,79 e 3,90 (no curso 2015-16) que son na maioría dos casos superiores aos valores medios da USC.

Os datos sobre inserción laboral dos egresados/as no grao de Bioloxía son escasos e proceden dos datos suministrados polo Ministerio de Educación (“Variables e indicadores de Seguridad Social. Análisis transversal. SIIU. Ministerio de Educación”) para a cohorte 2013/14 que corresponden a marzo de 2015 e 2016, e das enquisas realizadas polo centro.

A Facultade de Bioloxía realizou enquisas en outubro de 2015 para os egresados/as dos cursos 2012/13 e 2013/14, en outubro de 2016 para os dos cursos 2012/13, 2013/14 e 2014/15 e en xaneiro de 2018 para os egresados dos cursos 2012/13, 2013/14, 2014/15 e 2015/16. Os resultados destas enquisas indican que ao redor do 83% dos egresados/as encuestados continúa a súa formación realizando un máster e o 27% están, na actualidade, realizando o doutoramento. En canto á inserción laboral, en xaneiro de 2018 estaban traballando o 42% dos egresados de todos os cursos, o 84% dos mesmos no campo da Bioloxía.



Os datos do Ministerio de Educación indican unha taxa de afiliación á Seguridade Social para os egresados/as en 2013/14 do 7% en marzo de 2015 e do 34% en marzo de 2016.

D3.2.- Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumno no Máster en Acuicultura

D3.2.1. Perfil real de ingreso

No curso 16-17, a matrícula caeu por causas que se discutiron previamente na xustificación da modificación do título que

se fixo efectiva para o próximo curso 18-19, e que se corruxaron no presente curso 17-18, alcanzando os niveis de matrícula previos. Con respecto ao perfil de ingreso, como se mostra na figura, en todos os cursos se analizan os perfís, para comprobar que son os adecuados ou, en caso contrario, aplicar os cambios necesarios. Como se mostra, no curso 16-17 incrementouse o número de matriculados procedentes de CC ambientais, pero isto é un caso esporádico, como se demostrou neste mesmo curso 17-18. Respecto ao expediente obtenido no primeiro curso do máster, con respecto á titulación de acceso, non se aprecian sesgos resaltables.



NOTA por Perfil	CURSO		
Perfil	14-15	15-16	16-17
Biología	8,1	8,3	7,9
CC Mar	7,7	8,0	
CC Ambientales		7,4	8,2
Veterinaria	7,9	8,4	8,1
Ing Pesquera/Acuicola			
Ing Agrónomo			
Ing Agroalimentario	7,9		
Enfermería			7,2
Bioteología		7,7	

D3.2.2.- Trabajos Fin de Máster (TFM)

Tanto as normas e prazos de presentación coma os criterios de avaliación expóñense na web propia do máster, e son remitidas ademais por correo electrónico a todos os alumnos/as.

D3.2.3.- Resultados da aprendizaxe

Como se ve na táboa, os índices de calidade estiveron por enriba dos valores considerados na Memoria do Máster. Ademais, todos os alumnos/as finalizaron o máster no tempo de 2 anos, considerado como referencia nesta Memoria.

	Media	Media Ponderada	n° ECTS cursados	n° ECTS aprob junio	n° ECTS present jun	n° ECTS aprob jul	n° ECTS present jul	n° ECTS suspensos jul	Tasa de Rendim Jun	Tasa de Rendim Jul	Tasa Éxito Junio	Tasa Éxito Julio	Tasa evaluación curso
USC	8,5	8,48	60,0	60,0	60,0				100,0	100,0	100,0	100,0	100,0
	7,9	7,99	60,0	60,0	60,0				100,0	100,0	100,0	100,0	100,0
	7,8	7,72	60,0	57,0	60,0	3,0	3,0		95,0	100,0	95,0	95,2	95,2
	7,4	7,21	60,0	51,0	57,0	6,0	6,0		85,0	95,0	89,5	90,5	95,2
	8,0	8,05	60,0	60,0	60,0				100,0	100,0	100,0	100,0	100,0
	7,5	7,28	60,0	48,0	60,0	12,0	12,0		80,0	100,0	80,0	83,3	83,3
8,0	7,92	60,0	60,0	60,0				100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	
Total USC			420,0	396,0	417,0	21,0	21,0	0,0	94,3	5,0	95	95,2	95,9
UVI	7,8	7,47	63,0	63,0	63,0				100,0	100,0	100,0	100,0	100,0
	8,2	8,19	60,0	60,0	60,0				100,0	100,0	100,0	100,0	100,0
	7,3	7,43	60,0	60,0	60,0				100,0	100,0	100,0	100,0	100,0
Total UVI			183,0	183,0	183,0	0,0	0,0	0,0	100,0	0,0	100	100,0	100,0
UDC	7,7	7,83	60,0	60,0	60,0				100,0	100,0	100,0	100,0	100,0
	7,8	7,90	60,0	51,0	60,0	9,0	9,0		85,0	100,0	85,0	87,0	87,0
	8,7	8,72	60,0	60,0	60,0				100,0	100,0	100,0	100,0	100,0
	7,7	7,82	60,0	60,0	60,0				100,0	100,0	100,0	100,0	100,0
	8,4	6,32	45,0	45,0	45,0				100,0	100,0	100,0	100,0	100,0
Total UDC			240,0	231,0	240,0	9,0	9,0	0,0	96,3	3,8	96,3	96,4	96,4
Total Máster			843,0	810,0	840,0	30,0	30,0	0,0	96,1	99,6	96,4	96,6	96,9

INDICADORES DE SATISFACCION

Participación del alumnado en las encuestas de evaluación del profesorado (I03-DO)	UVI: 8,82% USC: 13,3% UDC: 22%
Grao de satisfacción del estudiantado con la actividad docente del profesorado (I04-DO)	UVI: 4,82/5 USC: 3,68/5 UDC: 4,8/7
Grao de satisfacción del estudiantado con la planificación y desarrollo de la enseñanza (I05-DO)	UVI: 3,43/5 USC: 2,97/5 UDC: 4/7
Grao de satisfacción del profesorado con la planificación y desarrollo de la enseñanza (I06-DO)	UVI: 4,21/5 USC: 3,99/5 UDC: 6,33/7
Grao de satisfacción de las personas tituladas con la planificación y desarrollo de la enseñanza (I07-DO)	UVI: 4,5/5 USC: 3,49/5 UDC: 5,33/7
Grao de satisfacción con las prácticas académicas externas (I08-DO)	UVI: 5,0/5 USC: 4 UDC: 6,67/7

Ao respecto dos indicadores de satisfacción, en xeral foron altos; cabe destacar o 2,97 da USC en canto á planificación do ensino; este valor non se entende, a tenor dos comentarios dos alumnos/as nas reunións de seguimento realizadas, onde se declararon satisfeitos co desenvolvemento xeral.

D3.2.4.- Resultados de inserción laboral

Os datos de inserción laboral aportados polas universidades son de cohortes moi anteriores ás que atañen aquí. Os nosos datos, usando a LinkedIn que a tal efecto preparamos, só alcanzan á promoción do 14-15, e dan un 42,6% de colocación en postos relacionados coa Acuicultura, e un 55,7 en total de colocación.

D3.3.- Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumno no Máster en Neurociencia

D3.3.1. Perfil real de ingreso

Como en cursos anteriores, no curso 2016-17 ofertáronse 50 prazas (30 na USC [24 para estudantes nacionais e 6 para extranxeiros], 10 na UDC e 10 na UVI).

O número total de alumnos/as matriculados no curso 2016-17 foi de 42 (25 na USC, 10 na UDC e 7 na UVI), lixeiramente superior ao número de alumnos/as matriculados no curso 2015/16 (26 na USC, 9 na UDC e 5 na UVI).

Do total do alumnado matriculado, 17 foron matrículas de novo ingreso na USC, 7 na UDC e 7 na UVI, valores similares aos do curso anterior (21 na USC, 6 na UDC e 3 na UVI).

A nota media de acceso no curso foi similar a do curso anterior: un 7,33.

Aínda que estes datos indican unha distancia entre as prazas de novo ingreso ofertadas e as matrículas de novo ingreso, os datos da prescrición, coma no curso anterior, reflexan unha demanda superior a 50 prazas, xa que 42 alumnos/as fixeron a preinscrición na USC (37 marcaron o Máster de Neurociencia como primeira opción), e 8 se prescribiron na UDC. Aínda que non se cubren as 50 prazas, os datos da preinscrición indican que o título ten unha forte demanda e resulta atractiva para o alumnado, e por outra parte, o número de prazas en cada Universidade é proporcional ao número de profesores que aportan, polo tanto é aconsellable seguir mantendo a mesma oferta de prazas.

A porcentaxe de estudantes matriculados que obtiveron o seu título na USC foi dun 48%, un pouco inferior a do curso anterior (57,69%). A porcentaxe de estudantes extranxeiros sobre matriculados foi dun 12%, a máis alta dende o curso 2011-12; e por outra parte, a porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia sobre os matriculados foi dun 20%, porcentaxe superior a do curso anterior (15,38%). A porcentaxe de estudantes recibidos pola USC procedentes de programas de mobilidade sobre o total de matriculados foi dun 4%, unha porcentaxe similar á do curso anterior.

Como xa mencionamos no autoinforme anterior, o espectro xeográfico de atracción do máster estase ampliando nos últimos anos. Unha das mellores ferramentas de difusión da Titulación fora da Comunidade galega é o noso propio alumnado, polo tanto debemos tratar de seguir dandolle a maior difusión ao Título fora da Comunidade Galega (Proposta de Mellora prorrogada).

Dos 31 alumnos/as que se matricularon por primeira vez no máster, mais do 50% procederon de licenciaturas ou graos en Bioloxía (8 alumnos) ou Psicoloxía (10 alumnos), titulacións consideradas como idóneas no perfil de ingreso. Do alumnado matriculado restante, a maior parte tamén contaba cunha titulación adecuada para realizar o Máster de Neurociencia (Medicina, Farmacia, Física, Fisioterapia...).

D3.3.2.- Traballos Fin de Máster (TFM)

Os criterios de avaliación dos traballos fin de grao, así como o formato do mesmo, recóllese no Regulamento do Traballo Fin de Grao aprobado pola Comisión Académica (18/09/2015) e que se inclue na páxina web do máster.

D3.3.3.- Resultados da aprendizaxe

O grao de satisfacción dos egresados coa información pública dispoñible foi dun 3,80, superior a do curso académico anterior, 3,53 (curso 2105/16) e 2,40 (curso 2014/15).

O grao de satisfacción dos egresados con servizos, foi alta: un 3,67 fronte ao 4,33 obtido no curso anterior 2015/16.

O grao de satisfacción xeral dos egresados co título mostra valores similares aos dos cursos anteriores; no curso 2016/17 foi dun 3,45, o anterior 3,88 e o anterior foi dun 3,42.

O grao de satisfacción do alumnado coa docencia recibida foi no curso 2016-17 dun 4,26 fronte ao 4,15 do curso anterior.

O grao de satisfacción do profesorado coa docencia impartida foi dun 4,06, similar a do curso anterior.

A tasa de resposta na enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida foi dun 64,55%, a máis alta dende o curso 2011/12.

Hai que destacar, como se evidencia na porcentaxe de participación, o esforzo realizado polos coordinadores e docentes

do máster por potenciar a participación e avaliación por parte do alumnado. Aínda que a participación do alumnado na avaliación do máster mellorou con respecto ao ano anterior, non podemos deixar de insistir sobre a importancia de cubrir as enquisas de avaliación, xa que constitue un mecanismo fundamental para detectar debilidades na titulación, e así poder solucionarlas dunha maneira máis eficiente.

D3.3.4.- Resultados de inserción laboral

No informe I13 inclúense resultados de inserción laboral referidos a cohorte de egresados do curso 2013-14.

En relación coa taxa de afiliación (% de egresados/as que se dan de alta na Seguridade Social), un ano despois de terminar o máster, o 54,5% dos egresados/as déronse de alta na Seguridade Social e un 16.7% declárase autónomo; esta taxa de afiliación mantense no mesmo valor dous anos despois de egresar.

En relación co tipo de contrato, un ano despois de rematar o máster, o 11,1% dos afiliados/as teñen un contrato indefinido, e o 88,9% un contrato temporal; estas porcentaxes practicamente non varían dous anos despois de rematar o máster, onde o 10% dos afiliados/as teñen un contrato indefinido e o 90% un contrato temporal.

En relación coa xornada laboral, o 90% dos afiliados/as un ano despois de egresar levan a cabo un traballo a xornada completa, e un 10% un traballo a media xornada; dous anos despois de obter o título, o 100% dos afiliados/as leva a cabo un traballo a xornada completa.

Un ano despois de rematar o máster, o 75% dos afiliados/as pertencen ao grupo de cotización universitaria (grupo de cotización relacionado con un nivel de formación superior), un 16,7% ao grupo medio non manual (grupo de cotización relacionado con un nivel de formación medio de carácter non manual), e un 8,3% ao grupo baixo e manual (non se require formación específica, o traballo e de carácter manual). Dous anos despois de terminar o máster o 100% dos afiliados/as pertencen ao grupo de cotización universitaria, o que significa que conseguen un traballo acorde co seu nivel formativo.

Directriz 4. Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos

Estándar: o centro ten implantados procedementos que garanten a mellora da calidade do persoal académico e de apoio á docencia (capacitación, competencia e cualificación)

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía e mellora da calidade do persoal académico:
 - Mantemento, cando menos, dos criterios de suficiencia e adecuación incluídos nas memorias de verificación.
 - Programa de Apoio á Avaliación da Actividade Docente do Profesorado Universitario (DOCENTIA).
 - Contorna que permita ao persoal levar a cabo o seu traballo de maneira efectiva.
 - Detección de necesidades de persoal académico.
 - Tipoloxía do profesorado que ten que impartir docencia nos distintos niveis da titulación (por exemplo, primeiro curso, docencia teórica versus práctica, materias optativas, supervisión de traballos finais, etc.), distinguindo entre titulacións de grao e máster.
 - Accións para promover a formación do profesorado.
 - Liñas de investigación.
 - Mobilidade.
- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía e mellora da calidade do persoal de apoio
 - Mantemento, cando menos, dos criterios de suficiencia e adecuación incluídos nas memorias de verificación.
 - Accións para promover a formación do persoal de apoio á docencia.
 - Contorna que permita ao persoal de apoio á docencia levar a cabo o seu traballo de maneira efectiva.

- Detección de necesidades de persoal de apoio á docencia.
- Avaliación do persoal de apoio á docencia.
- Resultado da análise realizada de todas as accións desenvolvidas sobre a garantía e mellora da calidade dos recursos humanos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

D4.1.- Adecuación do persoal docente e investigador (PDI)

Grao en Biología

O informe final de renovación da acreditación de xuño de 2017 sinala **“La cualificación docente e investigadora del personal académico responsable de la docencia del título es buena, con un perfil adecuado para el grado”**.

O Grao en Biología contou no curso 2016/2017 cun total de 142 membros do PDI adscritos, dos que 29 son profesores de área externa e restrinxen a súa docencia á titorización dos TFG. Na docencia participan profesores/as de moi diversas áreas de coñecemento, o que evidencia o seu carácter multidisciplinar. Destaca a experiencia e calidade investigadora, o 96,6% do PDI é doutor, o 95,5% do PDI ten concedidos sexenios (media de 3,3 para os profesores que os poden solicitar – Catedráticos de Universidade, Titulares de Universidade e Profesores Contratados Doutores) e o 78,6% é funcionario. Respecto á calidade docente o número de quinquenios é de 523 (media de 5,4 para CD, TU e CD).

O profesorado do Grao en Biología está satisfeito coa docencia impartida e a súa valoración é lixeiramente superior nos últimos cursos, tal e como o indican os resultados da enquisa realizada a este colectivo. O valor do indicador IN47G-S01-PM-01 (satisfacción do profesorado coa docencia impartida) é de 3,8 (sobre 5) para o curso 2016/2017.

Dende o curso 2012/2013 ata o 2016/2017 presentan valores moi altos (> 4 na maioría dos casos) os ítems relacionados coa coordinación dos distintos profesores dunha materia, os recursos docentes e o material de apoio á docencia do centro, así como a satisfacción coa relación creada cos alumnos/as nas clases e nas tutorías (4,47; 4,40; 4,10 e 4,04 respectivamente para o curso 2016/17). Tamén aparecen ben valorados, e melloran lixeiramente dende o curso 2012/2013 ata o 2016/2017, os relacionados coa coordinación entre as distintas materias da titulación (3,84 no curso 2016/17), a satisfacción do profesorado co traballo realizado polo alumnado (3,81 no curso 2016/17), o interese polas materias e a percepción sobre o nivel de comprensión do alumnado (3,78 no curso 2016/17). Os valores máis baixos, sempre superiores a 3, relaciónanse co nivel co que chegan o alumnado (3,15 no curso 2016/17) e a participación crítica destes nas clases (3,04 no curso 2016/17). A participación do profesorado na enquisa mellorou nos últimos cursos sendo do 44,7 % no curso 2016/17.

A valoración que o alumnado do Grao en Biología realiza sobre a docencia recibida tamén é moi boa dende o inicio do grao, tal como o indican os valores do indicador IN46G-S01-PM-01 (3,87 sobre 5 no curso 2016/17). No curso 2016/17 todos os ítems da enquisa presentan valores $\geq 3,5$ (sobre 5). Os ítems peor valorados (3,5-3,6) están relacionados co desenvolvemento das capacidades e/ou competencias do alumnado como a aprendizaxe autónoma, a transmisión da información e a participación crítica. Os ítems relacionados coa organización das clases, os recursos didácticos, o material de apoio empregado, a axuda que supoñen as titorías e a capacidade do profesorado para que os estudantes se dean conta da relevancia das distintas materias teñen valoracións de 3,7-3,8. Con valores próximos a 4 (3,89-3,99) o alumnado valora as cuestións que teñen que ver coa coordinación dos distintos profesores das materias, a actitude receptiva do profesorado facilitando a comunicación cos estudantes e a satisfacción global co profesorado das materias. Por último, os ítems mellor valorados (4,2-4,3) relaciónanse con dous grupos de actividades moi importantes na docencia universitaria, por unha banda a explicación e cumprimento das programacións docentes por parte do profesorado e, por outro a súa implicación na resolución das dúbidas expostas polo alumnado.

Máster en Acuicultura

O criterio de selección do profesorado é a súa demostrada relación e experiencia na temática obxecto da docencia que se

Ile asigna, tanto de tipo teórico como práctica. Isto esixeselle ao candidato a profesor/a no momento da súa selección, e os seus CV actualízase cada 2 anos.

Na Universidade da Coruña (UDC) e na Universidade de Vigo (UVI) está implantado o programa DOCENTIA e xa se realizaron avaliacións nos dous últimos cursos académicos. Na USC non está implantado; de todos os xeitos, asumindo que será de inminente implantación, transmitimos aos profesores da USC a necesidade de introducirse nese ámbito.

Máster en Neurociencia

A porcentaxe de persoal docente e investigador (PDI) con sexenios sobre o PDI total no curso 2016/17 foi similar a do curso anterior (un 92,86), e dende o curso 2015/16 esta porcentaxe supera o 90%. A porcentaxe de PDI doutor sobre o PDI total e cercana ao 100% no curso 2016/17 (97,83%). A porcentaxe de PDI funcionario sobre o PDI total no curso 2016/17 mostra valores similares aos de cursos anteriores, un 69,57%. Por outra parte, o 73,68% do profesorado está interesado/a en recibir formación de apoio para a mellora da docencia relativa ao apoio didáctico e pedagóxico. Estes datos indican que o profesorado que participa no título conta cun nivel de cualificación moi alto, e é suficiente para o correcto desenvolvemento do máster. En relación cos datos obtidos na avaliación docente do máster remarcar a ampla preparación docente e investigadora dos profesores que participan no máster o que se traduce nunha formación esixente e actualizada.

A media de alumnos/as por grupo de teoría foi de 9,04, e a media de alumnos/as por grupo de docencia interactiva foi dun 9,61.

D4.1.1.- Contorna de traballo

A contorna de traballo axústase ás necesidades mínimas para asegurar unha contorna efectiva. Na enquisa de satisfacción do profesorado obsérvase una alta satisfacción cos recursos materiais relacionados coa docencia; o valor do ítem é de 4,4 sobre 5 no curso 2016/2017.

D4.1.2.- Necesidades de PDI

Grao en Bioloxía

O centro apoia as solicitudes de persoal PDI realizadas polos departamentos, que son os responsables da docencia.

Máster en Acuicultura

A mediados do curso correspondente, como se fai cada curso, analizáronse as necesidades de persoal para o seguinte. O profesorado sempre se selecciona en base á súa demostrada e actualizada experiencia na temática da materia a impartir.

D4.1.3.- Liñas de investigación

A oferta de liñas de investigación para realizar TFG e TFM é moi ampla e actualízase continuamente.

D4.1.4.- Participación do persoal docente e investigador en actividades formativas

No curso 2016/17, a participación do profesorado en cursos de formación foi baixa, en xeral, aínda que aumentou en tres dos títulos, respecto a do curso anterior. No Grao en Bioloxía e no Máster en Acuicultura participaron en actividades formativas en torno o 18% dos docentes, no Máster de Bioloxía Mariña o 23,5% e no de Neurociencia o 32,6%. O PDI do Grao en Bioloxía mostra unha elevada satisfacción global coas actividades de formación realizadas (> 4,3 en todos os ítems da enquisa dos cursos 2011/2012 a 2016/2017) e máis do 90% do profesorado recomendaríalle esas actividades aos seus compañeiros. A enquisa presenta unha taxa de resposta, no curso 2016/2017, do 52,65%.

D4.1.5.- Participación en programas de mobilidade

A participación do PDI en programas de mobilidade é moi reducida (so un docente do grao -0,53%- e dous do Máster en

Neurociencia -3,8%- durante o curso 2016/17).

No caso dos másteres é necesario considerar a mobilidade entre as distintas universidades que participan nel. Todos os anos se leva a cabo unha programación dos destinos e calendarios de mobilidade dos estudantes para a realización das prácticas das distintas materias impartidas nas outras universidades, calculando os gastos previsibles, co fin de solicitar o financiamento necesario para sufragarlos aos alumnos/as.

D4.2.- Adecuación do persoal de apoio

O Persoal de Administración e Servizos (PAS) da Facultade de Bioloxía da USC non ten funcións específicas de apoio á docencia dunha titulación concreta, senón que dá apoio a todas as titulacións que se imparten no centro. O PAS do centro está composto por 29 persoas que se estruturan nas seguintes unidades: i) animalario/acuario (3 persoas), ii) biblioteca (8 persoas), iii) conserxería (5 persoas), iv) administración de departamentos (3 persoas), v) persoal de apoio á investigación de departamentos (4 persoas) e vi) administración do centro (decanato, apoio á xestión e asuntos económicos) (6 persoas). A totalidade do persoal ten dedicación a tempo completo. A súa adecuación queda garantida polo proceso de selección do persoal, que se axusta estritamente á normativa xeral aplicable aos empregados públicos. Así mesmo, a USC preocúpase por manter actualizados os coñecementos do seu persoal, para o que se organizan cursos de adecuación e actualización. Así, o 42,3% do PAS da Facultade de Bioloxía participou en programas de formación no curso 2016/17. A valoración que fan sobre os mesmos é boa xa que os valores do indicador IN29-PS-01 (satisfacción do PAS cos programas de formación) oscila entre 3,7 e 4,1 (sobre 5), para os anos comprendidos entre 2011 e 2016; e a maioría recomendarían os cursos aos seus compañeiros (entre o 73,6% e o 85,6%).

O PAS da Facultade de Bioloxía está moi satisfeito co seu traballo (o valor do indicador IN49C-PS-01 é de 3,91 sobre 5 para o curso 2016-17). Todos os ítems do bloque da enquisa "Posto de traballo" presentan valores > 3,67; o valor máis alto aparece no ítem relacionado coa facilidade de expresar as opinións (4,56) e o máis baixo co sentimento de pertenza a un equipo (3,67). No bloque "Dirección da unidade" os dous ítems ten valores de 3,75 (toma de decisións coa participación do persoal) e 4,13 (seguimento do traballo polo responsable). No bloque de "Comunicación" atopamos valores $\geq 4,0$ para dous ítems relacionados coa información do persoal sobre o seu traballo e a comunicación entre o persoal e os usuarios, e de 3,50 para o coñecemento dos servizos prestados por outras unidades. Os ítems do bloque "Espazos e recursos" presentan valores altos: 3,44 para o ítem relacionado cos recursos e 4,0 para a adecuación dos espazos. Por último, os ítems dos bloques de "Formación" e "Implicación na mellora" presentan valores de 3,78. A enquisa presenta unha taxa de resposta do 45% no curso 2016/17 que é moi superior á do curso 2015-16 (26,1%).

En relación aos títulos de Máster, aínda que os coordinadores e a Comisión Académica contamos coa axuda dos/as xestores/as académicos/as en cada unha das Universidades, estes ocupanse de numerosas titulacións no centro. Os coordinadores/comisión académica teñen que continuar suplindo determinadas deficiencias no desenvolvemento do título; polo tanto, consideramos que o persoal de apoio dedicado á xestión/desenvolvemento do título é insuficiente.

Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos

Estándar: o centro ten implantados procedementos que garantan a mellora da calidade dos recursos materiais e servizos para o axeitado desenvolvemento da aprendizaxe do alumnado.

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e os servizos:
 - Mantemento, polo menos, dos criterios de suficiencia e adecuación incluídos nas memorias de verificación e dos compromisos incluídos nelas, de ser o caso.
 - Xestión dos recursos materiais e servizos: equipamento científico-técnico, asistencia e artístico;

campus virtual; TIC; aulas; salas de estudo; aulas de informática; salas de reunión; laboratorios; talleres; postos de lectura en biblioteca; servizos reprográficos; bibliografía recomendada, etc.

- Mantemento dos recursos materiais e servizos.
- Detección de necesidades de novos recursos ou servizos.
- Disposición de accesibilidade universal e de medios que garantan a saúde e a seguridade no desenvolvemento das actividades de aprendizaxe.
- Os servizos de orientación académica (selección de materias, problemas de aprendizaxe, necesidades especiais, aloxamento...) e orientación profesional postos a disposición do alumnado son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os servizos de atención ao estudante (documentación, informes de cualificacións, actas, certificados académicos, tramitación de solicitudes de validacións ou de traslado...) postos á súa disposición son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os programas de acollida e apoio ao alumnado orientano no funcionamento da institución.
- Resultado da análise realizada de todas as accións desenvolvidas sobre a garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos.
- No caso de que os títulos contemplan a realización de prácticas externas, as instalación onde se realizan son adecuadas para a adquisición das competencias.

Reflexión/comentarios que xustificuen a valoración:

D5.1.- Recursos materiais

O informe final de renovación da acreditación, de xuño de 2017 sinala "**Los recursos materiales y servicios muestran un nivel adecuado para el correcto desarrollo del título**".

A Facultade de Biología conta cunhas infraestruturas destinadas ao proceso formativo magníficas. O centro posúe 9 aulas de docencia de diferente capacidade (i.e. 91, 91, 93, 141, 58, 58, 75, 90 e 75 postos e con 118, 119, 120, 161, 78, 85, 111, 121 e 87 m² respectivamente). Todas contan con encerado, conexión a rede, canón de vídeo, pantalla de proxección e sistema de son. Nalgunhas mantéñense outros sistemas de proxección (diapositivas, transparencias, etc.). As aulas teñen excelente iluminación, natural e eléctrica. Os asentos son cómodos, os corredores espazosos e os alumnos/as contan con percheiros. Tamén posúe 6 aulas de seminario con mesas modulares (18, 18, 12, 16, 14 e 30 postos e con 35, 35, 18, 27, 33 e 44 m² respectivamente) dotadas con encerado, conexión a rede, canón de vídeo e pantalla de proxección. Na aula 5 e a aula seminario 2 existen sistemas de videoconferencias completos. As aulas complétanse coa aula magna e o salón de graos. A aula magna é de 290 m² e ten capacidade para 230 persoas en butacas con mesas de escritura, 2 canóns de vídeo, coas súas pantallas de proxección, sistema de megafonía/son, atris e mesa presidencial con 5-7 postos con monitores abatibles. O salón de graos é de 106 m² con capacidade para 70 persoas en butacas con mesas de escritura e conta con 2 canóns de vídeo e as súas pantallas (unha interactiva) e atril con computador portátil. Finalmente, no edificio do CIBUS cóntase cunha aula de 52 m² con capacidade para 35 persoas con mesas de escritura, canón de vídeo e pantalla de proxección.

Existen 3 aulas de informática (24, 24, 25 postos e con 58, 56 e 67 m²) que contan cun computador por posto equipado cos programas necesarios para a realización das prácticas de computador, ademais de canón de vídeo e pantalla de proxección interactiva.

Existen un total de 12 laboratorios de prácticas dos que 9 están equipados (20, 20, 20, 20, 24, 24, 24, 24, 16+16 postos e con 80, 82, 69, 80, 71, 72, 67, 87 e 83 m² respectivamente) mentres que os restantes aínda se están acondicionando. Os laboratorios contan cos equipos necesarios para realizar as prácticas incluídas na programación docente das diferentes materias.

Todas as aulas (de docencia e informática) contan con capacidade para 2 persoas con discapacidade motriz (a aula magna con 4) e as aulas seminario con 1 posto destas características a maiores do exposto anteriormente. A aula 5 conta con rampla de acceso á tarima para discapacitados. O centro conta con ramplas de acceso, baños para minusválidos, ascensores e unha praza de aparcadoiro cuberta para persoas con discapacidade motriz, o que é completamente necesario nun clima como o de Santiago de Compostela. En definitiva o centro cumpre a normativa de accesibilidade universal e deseño para todos. Do mesmo xeito cúmprense as normativas de seguridade e hixiene, tanto nos espazos comúns como nos laboratorios onde as actividades xeran máis riscos. Os alumnos/as deben ler estas normas e asinar conforme a que as leron, así como que se comprometen á súa aplicación, para poder realizar prácticas no Centro. Como non podía ser menos, o Centro está comprometido co medio ambiente tratando de minimizar o consumo enerxético, e conta con sistemas de recollida selectiva de residuos como o papel, CDs, etc.; así como dos produtos tóxicos empregados nos laboratorios. Anualmente realízase un simulacro de emerxencia e revísanse os plans de autoprotección en ambos edificios (CIBUS e Facultade).

En diferentes lugares destinados ás áreas de despachos e laboratorios de investigación do Centro atópanse salas de seminario (e.g. Fisioloxía, Ecoloxía, Edafoloxía e Química Agrícola) con capacidade para 12-20 alumnos que son empregadas para as tutorías en grupos reducidos.

O Centro conta cunha biblioteca excepcional de 1071 m² distribuídos en dous niveis e con capacidade para 269 postos de lectura e unha área de traballo en grupo (con capacidade para 20 postos e 32 m²). Todos os postos dispoñen de enchufe para o portátil e sistema de luz independente (no entanto conta cunha excelente iluminación natural). Os alumnos/as acceden directamente aos fondos bibliográficos e á hemeroteca. En canto aos fondos bibliográficos, o número de títulos da bibliografía recomendada existentes na biblioteca é de 420 para o Grao en Bioloxía e de 437 para os títulos de Máster; o total de títulos é de 21439 (sendo obviamente superior o número de exemplares con 27704 a 31/12/2016 dos que 8954 eran do fondo de alumnos/as, 17197 do fondo de investigación e 1436 do fondo de tese e memorias de licenciatura). Destaca unha extensa colección de 789 mapas. Cóntanse do mesmo xeito con 11 computadores portátiles en préstamo dentro da biblioteca e 6 equipos de consola.

O Centro conta ademais cun animalario, un acuario e un invernadoiro en edificios satélites ao da Facultade. Estas instalacións están perfectamente equipadas e dispoñibles para a docencia.

Os alumnos/as teñen á súa disposición un local de alumnos/as de 71 m² con capacidade para 25 postos e equipado con microondas e neveira para que poidan comer no Centro. Tamén contan cunha sala de traballo en grupo de 82 m² e uns 20 postos.

No caso do Máster de Neurociencia, o grao de satisfacción dos alumnado cos recursos materiais e servizos (laboratorios, aulas de informática, salas de estudo e fondos bibliográficos foron valorados cun mínimo de 3,5 e un máximo de 3,67 (1-5). A valoración do profesorado en relación o material e servizos de apoio a docencia existentes na Universidade (fondos bibliográficos, fondos audiovisuais, aulas virtuais, espazos de traballo...) foi moi alta, todas elas superiores a 4 (1-5).

D5.2.- Orientación académica

Grao en Bioloxía

O grao en Bioloxía realiza unha "xornada de acollida" para os alumnos de primeiro curso na que participan tanto PDI e PAS (equipo decanal, a coordinación do grao e do primeiro curso, a xestora de centro e a directora da biblioteca), como o alumnado: asociacións de estudantes e antigos estudantes do grao, sindicatos, etc.

Para o alumnado de cursos superiores realízanse tamén reunións sobre: os programas de mobilidade, na que participan os coordinadores dos distintos programas de mobilidade e a xestora do centro; os programas de prácticas externas, na que participa a coordinadora de prácticas externas e a xestora do centro e sobre os TFG, na que participa o coordinador dos TFG e profesores de distintos grupos de investigación da Facultade que explican as súas liñas de investigación.

No curso 2016/17 levouse a cabo un plan piloto de axuda tutorial para alumnos de terceiro curso no que participaron 19 profesores e 50 alumnos.

Máster en Acuicultura

A orientación académica, no MA, é responsabilidade dos coordinadores do máster, que están sempre a disposición dos alumnos para axudarlles na selección de materias para o segundo semestre (no primeiro son todas obrigatorias).

Máster en Neurociencia

O grao de satisfacción do alumnado do Máster de Neurociencia coa información e orientación recibida na titulación foi dun 2,83, e o grao de satisfacción do profesorado en relación ás accións de orientación ao alumnado da titulación foi elevado (4,14 sobre 5).

D5.3.- Recursos materiais dos programas de prácticas externas

Grao en Bioloxía

As instalacións onde se realizan as prácticas externas son adecuadas para a adquisición das competencias propostas e así o mostran as enquisas de satisfacción dos estudantes que teñen unha media global de 4,47 sobre 5 puntos.

Máster en Acuicultura

Todas as empresas colaboradoras do MA para a realización das prácticas en empresa son de demostrada fiabilidade para asegurar a súa adecuación á realización das mesmas. Ano tras ano, realízase unha enquisa aos alumnos/as para confirmar a boa acollida e atención por parte dos titores, así como que as instalacións e actividades seguen sendo adecuadas. Nos casos en que non fose así, realízase unha inspección (física e persoal) comprobatoria (*in situ* se é posible). Isto foi así, por exemplo, no curso baixo seguimento, habendo consecuentemente prescindido dalgunha das plantas de cultivo que se ofertaban, por acumular informes negativos (2 seguidos) debidos a un titor específico, e non poder cambiar o mesmo por non dispoñibilidade da empresa.

Directriz 6. Información pública

Estándar: o centro debe ter implantados procedementos que lle permitan publicar información relevante, actualizada, clara, precisa, obxectiva e accesible relativa ao desenvolvemento das súas ensinanzas, conxuntamente cos resultados e indicadores vinculados ao seguimento e acreditación dos seus títulos..

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa información pública.
 - Recollida, análise e utilización da información.
 - Publicación da información
 - Medida da eficacia e utilidade da información pública.
- Resultado da análise de todas as accións desenvolvidas sobre a información pública.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A información relativa aos aspectos fundamentais do centro e dos títulos que se imparten está recollida na páxina web institucional da USC, pode consultarse facilmente nas seguintes ligazóns:

<https://www.usc.es/gl/centros/bioloxia/index.html>, <http://www.usc.es/macuicg/>, <http://masterbiologiamarina.uvigo.es/> e http://www.usc.es/gl/titulacions/masters_oficiais/neurosci/.

No curso 2016/2017 e, como resultado das indicación do Comité de Certificación, fíxose un esforzo en mellorar a información pública sobre os procesos de calidade, así na páxina web do centro inclúense as actas das reunións da comisión de calidade do centro.

Por outra banda desde a Facultade utilízanse para a difusión os seguintes medios:

- Páxina web de la Facultad (<http://www.usc.es/gl/centros/biologia/index.html>)
- Pantallas informativas electrónicas instaladas nas entradas do centro
- Correo electrónico ao estudiantado, PDI, PAS para informar de convocatorias, prazos, charlas, conferencias, etc.
- Redes sociais (Facebook e en menor medida Twitter)
- Reunións informativas (acto de presentación para o alumnado de primeiro, reunións informativas sobre mobilidade, elaboración de calendarios de clase e exames, información sobre programas de Prácticas Externas, Traballos Fin de Grao e bolsas de colaboración). Charlas de profesionalización ao longo de todo o curso
- Participación do profesorado mediante charlas informativas no Programa “A Ponte entre o Ensino Medio e s USC”

Grao en Bioloxía

O alumnado e o profesorado do Grao en Bioloxía valora positivamente a información pública dispoñible sobre a titulación (3,3 e 4,1 sobre 5 para alumnado e profesorado respectivamente, no curso 2016/17). O alumnado tamén valora moi ben a información sobre o desenvolvemento do ensino e a avaliación da aprendizaxe (3,4 sobre 5 para o curso 2016/17) e o profesorado a información dispoñible en relación coa calidade (3,9 sobre 5 para o curso 2016/17). En todos os casos os valores dos ítems son superiores a media da USC.

O grao de satisfacción dos egresados/as coa información pública recibida é bo e mellora nos últimos cursos, o valor do indicador IN23G-PC-12 é 3,3 sobre 5 no curso 2016/17.

A pesar das melloras introducidas nos últimos anos na páxina web, poderíase perfeccionar a súa estrutura para unha mellor visibilidade para todos os grupos de interese.

Máster en Neurociencia

A páxina web do máster esta dispoñibles para todos os grupos de interese, as guías docentes, horarios do curso, as liñas de investigación que ofertan TFM, así como os Libros das Xornadas de Xóvenes Investigadores en Neurociencia que cada ano se celebran nunha das universidades; nestas Xornadas os alumnos defenden o seu Traballo Fin de Máster. Ademais son públicos os listados de egresados de cada curso académico, así como os TFM defendidos en cada curso académico (Alumno, Título e Titores). Como reflicten as enquisas, o grao de satisfacción dos egresados coa información pública dispoñible foi elevada, un 3,50 (1-5), no caso do profesorado foi 4,43 (1-5) e no caso do alumnado foi 3,50 (1-5).

3. Indicadores do Sistema de Garantía de Calidade

Os indicadores que se amosan calculáronse agregando os datos dos títulos impartidos no curso 2016/2017: Grao en Bioloxía (GB), Máster en Acuicultura (MA), Máster en Neurociencia (MN) e Máster en Bioloxía Mariña (MBM).

IN01C-PC-05 Prazas ofertadas. Prazas ofertadas para o curso académico 2016/2017. Datos de GB, MA, MN e MBM.

Redúcese en 7 prazas á oferta da Facultade de Bioloxía con respecto ao curso 2015/16 e en 25 con respecto ao curso 2014/15. Isto é debido sobre todo a redución de prazas no GB.

IN02C-PC-05 Matrícula. Número de estudantes matriculados no curso 2016/17 sen contabilizar aos estudantes de programas de mobilidade. Datos de GB, MA, MN e MBM.

O número total de alumnado matriculado no centro no curso 2016/17 é de 701 alumnos/as (31 e 30 menos que nos cursos 2015/16 e 2014/15 respectivamente), o que supón un descenso en torno o 4% nos dous últimos cursos. O descenso débese principalmente ao GB debido á redución no número de prazas ofertadas e á lixeira rebaixa da taxa de abandono durante o primeiro curso. Os outros títulos teñen ususalmente pequenas variacións de entre 1 e 3 alumnos/as.

IN03C-PC-05 Matrícula de acceso. Número de estudantes que se matriculan nun plan de estudos por primeira vez. Inclúe ao alumnado que traslada o seu expediente, que accede por validación parcial de estudos estranxeiros ou que se adapta desde plans en extinción. Datos de GB, MA, MN e MBM.

A matrícula de aceso no curso 2016/2017 presentou unha diminución do 13% e 5% respecto aos dous cursos anteriores respectivamente, pasando de 200 a 166 alumnos/as de novo ingreso entre os cursos 2014/2015 e 2016/2017. O GB amosa un importante descenso do número de estudantes que, entre os cursos 2011/2012 e 2013/2014, é debida a diminución progresiva da validación de estudos (do alumnado procedente da licenciatura), e nos cursos posteriores ao descenso do número de prazas de novo ingreso. Os másteres non presentan demasiadas diferenzas no número de estudantes entre os cursos 2014/2015 e 2016/17.

IN04C-PC-05 Matrícula de novo ingreso por preinscripción. Número de estudantes que se matriculan nun plan de estudos por primeira vez. Datos de GB, MA, MN e MBM.

